

ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS A PRESIDENTE, ASEMBLEISTAS E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE BALONCESTO 2026

Mediante xuntanza telemática (aplicación Zoom da que dispón a Federación Galega de Baloncesto e da que solicitamos e autorizamos a correspondente gravación) e sendo ás 13:30 horas do día 3 de agosto de 2026, reúnense todos os membros que compoñen a Xunta Electoral das Eleccións a Asembleistas e presidente da Federación Galega de Baloncesto, baixo a presidencia de Dº Jose Ramón Pereira Rodríguez con dni xxxx714-J, e a asistencia de Dº Javier Nogueira Garrido, con dni xxxx228-W en calidade de secretario e Dna. Beatriz Seoane Chao con dni xxxx347-J, esta última en calidade de vogal, co obxecto de proceder a resolver as renuncias presentadas por dous candidatos á asembleistas.

En data 3 de agosto de 2.026 os candidatos a asembleistas polo estamento de árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitráis Alejandra Carrillo Franco con D.N.I. *****328L y Adrián Álvarez Rodríguez, con D.N.I. *****249D, presentaron ante esta Xunta Electoral escrito solicitando a súa renuncia expresa e irrevocable a súa candidatura como asembleistas no referido estamento.

Ante esta situación compre sinalar que nada se recolle nin no Regulamento Electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Baloncesto nin no Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos Regulamentos electorais que deberán rexir a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, tendo pois que acudir de xeito analóxico a Ley Orgánica 5/1985 del Régimen Electoral General que no seu artigo 48 sinala literalmente o seguinte :

"1.- Las candidaturas no pueden ser objeto de modificación una vez presentadas, salvo en el plazo habilitado para la subsanación de irregularidades.....y sólo por fallecimiento o renuncia del titular...."

E decir que fronte o principio de inalterabilidade das listas ou das candidaturas que a LOREG ven mantendo o longo do seu articulado, aparece a excepción en este artigo 48.1 en dous casos concretos: falecemento e renuncia, que é o que niste intre nos ocupa. Esta Xunta Electoral entende que a renuncia as candidaturas da Sra. Carrillo Franco e do Sr. Alvarez Rodríguez atópase dentro do suposto recollido no mencionado artigo 48.1 da LOREG e non vulnera o disposto no artigo 23.1 da nosa Carta Magna xa que dita renuncia non perxudica o dereito do resto dos integrantes do estamento.

En virtude do anteriormente exposto esta Xunta Electoral resolve:

1.- Admitir a renuncia as candidaturas de asembleistas da Sra. Carrillo Franco e do Sr. Alvarez Rodríguez no estamento de árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitráis.

2.- Desconvocar as eleccións no estamento de árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitráis xa que o número de membros a elixir po lo citado estamento según o que ven disposto no artigo 18 do Regulamento electoral e de 4 que resulta ser o numero de candidatos que quedan na actualidade una vez admitida a renuncia dos dous referidos no anterior punto.

Por outra banda, apreciado o erro no listado publicitado por esta Xunta electoral, nas candidaturas definitivass proclamadas na acta do 1 de agosto, se procede á súa corrección procedendo á inclusión de Don Ángel Castro Vaamondde no estamento de adestradores, tal e como se resolvera con anterioridade.

E non existindo ningún outro asunto do que tratar tense por rematada a reunión sendo as 14:25 horas do día da data arriba sinalada.

Asdo.: José Ramón Pereira Rodríguez. Presidente.

Asdo.: Javier Nogueira Garrido. Secretario.

Asdo.: Beatriz Seoane Chao. Vogal.